

**CIG****Boletín
sindical**

Nº 75 - 2024

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación



10 de Marzo

DÍA DA CLASE OBREIRA GALEGA

O 10 de Marzo, DÍA DA CLASE OBREIRA GALEGA, data na que desde o sindicalismo nacionalista conmemoramos as loitas obreiras do ano 1972, non é unha data calquera. É un día no que orgullámonos das loitas que levamos adiante para a mellora das nosas condicións laborais e de vida. E tamén un día de reivindicación e resposta diante dos ataques aos nosos dereitos.

Tal como fixeron as traballadoras e traballadores daquel ano 72, primeiro en Ferrol no mes de marzo, que rematou co asasinato de Amador e Daniel o propio día 10, e despois en setembro, en Vigo. Unhas loitas protagonizadas pola clase traballadora galega, que se mobilizou pola dignidade, pola liberdade, pola negociación colectiva e contra a precariedade e os baixos salarios.

Do mesmo xeito, e confirmando a vixencia daquela loita, neste 10 de Marzo de 2024 facemos desde a CIG un chamamento á mobilización en todas as comarcas para dar resposta á grave situación de precariedade e pobreza que atravesamos a maioría social.

**TRABALLO DIGNO****CIG**
Confederación Intersindical Galega

Cando se cumpren dous anos desde a entrada en vigor da última reforma laboral, que se implantou sen derrogar as anteriores, conséntase o que desde a CIG xa advertimos no seu momento: que as medidas recollidas nesta reforma, xunto cos recortes de dereitos que supuxo a reforma de 2012 non derogada, ían supoñer de novo que a maioría social vería empeoradas aínda máis as súas condicións laborais e salariais.

Así, baixo novas modalidades de contratación multiplicouse a precariedade, ao xeneralizarse a contratación fixa-descontinua e a contratación a tempo parcial, porque a reforma laboral fixo mudanzas

STOP PRECARIIDADE TRABALLO DIGNO



de cara a que as estatísticas ofrecen datos maravillosos de contratación indefinida, pero a realidade non mudou e a precariedade estendeuse baixo outras formas, mesmo abusando por parte das empresas do uso do período de proba como contratación con despedimento libre.

Tamén se reforzou o papel das ETT e se facilitou a aplicación de ERTE permanentes, pero nin se corruxaron as desigualdades de xénero, nin se aumentan os salarios, o cal nos leva a unha clase traballadora empobrecida e coa inestabilidade laboral como compañeira de vida.

Hoxe en día, ter un emprego xa non garante que se poidan ter os ingresos mínimos necesarios para vivir con dignidade e acceder a dereitos básicos como son a alimentación, a enerxía ou a vivenda.

E quen sofre con maior profundidade esta situación de precariedade e pobreza son as mulleres e a mocidade. Mais as empresas aumentan os seus beneficios e trasladan ao sector público os custos sociais desa situación de precariedade.

Este contexto de pobreza laboral vén derivado das políticas neoliberais implantadas desde o goberno central primeiro polo PP e agora pola coalición PSOE-Sumar, que se aplican en desregular e flexibilizar para satisfacer as demandas da Unión Europea a cambio duns fondos que só van hipotecar o futuro.

Ante isto, o goberno galego do PP estivo asistindo impasíbel, non actuando máis alá de queixas e laios, acatando o cativo marco de competencias e aplicando unha versión máis dura destas políticas neoliberais.

E vemos como as grandes centrais sindicais estatais (UGT e CCOO) aplauden e se suman a estas medidas de axuste a través do diálogo social, verdadeiro enterrador de dereitos para a clase traballadora.

Desde a CIG pensamos que é necesario que a maioría social nos mobilicemos, nos centros de traballo e tamén nas rúas. Non podemos permitir que o resultado das eleccións galegas do 18 de febreiro teñan como consecuencia un endurecemento das políticas reaccionarias, antisociais e antigalegas que o PP vén practicando nos últimos anos.

Precisamos a mobilización social para conseguir un Plan galego de recuperación económica, industrialización, creación de emprego digno e reforzo dos servizos públicos en Galiza.

Son urxentes medidas que rematen coa precariedade, a temporalidade e os baixos salarios, tanto no ámbito privado como na administración pública.

É necesaria a loita por unha nova lexislación laboral e social que restitúa os dereitos perdidos e favoreza novos dereitos e regulacións que nos fortalezan como clase traballadora galega.

Por iso, neste 10 de Marzo, e dentro da campaña “STOP precariedade. Traballo digno” facemos un chamamento a conmemorar o Día da Clase Obreira Galega nas mobilizacións comarcais que desde a CIG convocamos, para exixir dos gobernos as mudanzas necesarias para acadar a dignidade nas condicións de vida da maioría social.

MOBILÍZATE COA CIG

**Acto nacional en Ferrol:
Ás 11:45h, Monumento 10 de Marzo**

A Coruña: ás 12h no Obelisco

Pontevedra: ás 11:30h na Praza da Peregrina

Compostela: ás 12h na Praza Roxa

Lugo: ás 12h diante do Concello

Ourense: ás 12h na Praza do Ferro

Vigo: ás 12h, na Dobrada

